

V Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, Traballando en Lingua
Do compromiso individual aos argumentos
Carballo (A Coruña)

Conclusións

O V Curso de Verán Traballando en Lingua, Do compromiso individual aos argumentos, organizado polo servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, en colaboración coa Coordinadora de Traballadores e Traballadoras pola Normalización da Lingua, que tivo lugar os pasados 15, 16 e 17 de xullo no Pazo da Cultura da Carballo, afondou na necesidade de construírmos novos discursos sobre a(s) lingua(s) desde diferentes metodoloxías e enfoques e chegou ás seguintes conclusións xerais -a partir dos diferentes grupos de traballo e das intervencións teóricas que o integraron e que poden consultarse no enderezo www.udc.es/snl- que queremos facer públicas por constituíren elementos de traballo de interese para todas as persoas interesadas en promover un maior emprego da lingua galega:

1. É preciso elaborarmos un abano de argumentarios dirixidos aos diversos grupos e subgrupos sociolingüísticos existentes na complexa realidade galega.
2. Bótanse en falta estudos cualitativos xustamente dirixidos especificamente a fornecer información sobre eses grupos para realizarmos intervencións máis rigorosas que secundaricen as propostas masivas sen receptores ben identificados e establezan con clarezza os obxectivos que perseguimos.
3. Cómpre dotar os discursos sobre a lingua de novos argumentos, imaxinativos, modernos, claros, rigorosos, integradores, coherentes, firmes e conciliadores. O protagonismo na emisión destes discursos e nas diferentes accións ligadas a eles debe residir en distintos tipos de axentes para mellorar a súa recepción e credibilidade.
4. Débese ligar o galego ás teses mantidas polo ecolingüismo, entendido como a promoción e a acción para o mantemento da diversidade lingüística. En relación a ligar normalización do galego con plurilingüismo, cómpre diferenciar entre a necesidade de contarmos con competencias en galego e noutras linguas, e o que a sociedade de xeito xeneralizado demanda e os grupos estudados ratifican: un maior uso social do galego, sen fracturas sociais ou territoriais. É importante, neste sentido, atendermos as importantes mudanzas sociais que se levan producindo nas últimas décadas, tanto no que respecta a un contexto mundial dominado pola supremacía dun único idioma e as mudanzas nos elementos de prestixio social e lingüístico como nas novas posibilidades que ofrece a rede para o intercambio de comunicación, para a coordinación e mesmo para a acción.

5. A promoción do galego debe ligarse con valores sociais positivos, coa construción dunha xustiza social que garanta as posibilidades de desenvolvemento real de calquera elemento desfavorecido. Igualmente, cómpre pór en valor os esforzos para usar o galego e recoñecer os méritos que supón a súa incorporación aos diferentes ámbitos, entendendo esta contribución como máis un elemento que coaduxa a coidar o noso patrimonio colectivo e a aumentar a autoestima.
6. Reclámase das administracións públicas e das institucións que cumpran o papel emisor que lle outorga o marco legal vixente, e xa que logo, que retome e difunda o discurso normalizador, mantendo un discurso que defenda os dereitos que proclama o noso ordenamento xurídico.
7. Canto ao emprego do galego no ensino, detéctase a necesidade de o galego se constituír na lingua vehicular dunha parte substancial das materias e é unánime a consideración positiva deste feito, pois quer a escola quer outras ofertas formativas relacionadas coa aprendizaxe da lingua deben ter un efecto compensador dos déficits de lingua galega que poida haber nos medios de comunicación, nos produtos de consumo e de lecer, ou mesmo no mundo das relacións interpersoais, nalgúns ámbitos. Neste sentido, é xeral a oposición a unha segregación do alumnado en razón da lingua, unha opción que se xulga inmotivada e que contradí tanto a lexislación como os criterios académicos e pedagóxicos que deben guiar, con rigor, medidas absolutamente excepcionais como esta.
8. Continúan a detectarse moitos prexuízos (moitos deles xa existentes noutras momentos en que non existía un importante desenvolvemento normativo e que mesmo parecían superados) entre a poboación en xeral, e no colectivo de nais e pais e un sector do profesorado en particular. Recoñécese a necesidade de chegar a nais e pais cun discurso que poña en valor o ensino do galego e que elimine preconceptos inexistentes tanto sobre a adquisición, por exemplo, de léxico específico en lingua galega como sobre discursos que precisan respostas científicas e enfoques rigorosos, como o da imposición e o da liberdade lingüística. Proponse a curto prazo o desenvolvemento dunha campaña articulada desde a Secretaría Xeral de Política Lingüística, en colaboración cos Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística dos centros para facer chegar ás familias de maneira unánime unha mensaxe neste sentido.
9. É urxente desenvolver un ambicioso e estable plan de formación para o profesorado que teña lugar dentro do horario lectivo e que procure como obxectivo principal dotar este colectivo de recursos lingüísticos, tanto terminolóxicos como de fluidez expresiva e que, por tanto, avance na súa seguranza lingüística.
10. Reclámase, igualmente, estabilidade, tanto a respecto do ordenamento lexislativo de que depende o sistema educativo como no que se refire ao corpus do galego. Recoméndase que se inicien accións tanto para aumentar o prestixio social do rexistro culto do idioma para os ámbitos en que sexa pertinente como para dignificar o uso do galego nos contextos informais co obxecto de garantir a riqueza da lingua e de mellorar a autoestima das/os falantes.

11. Cómpre reflexionar arredor do papel do profesorado de lingua e literatura galega e conseguir que realice un labor acaído para garantir unha continuidade de emprego do idioma para alén das aulas. Nesta liña, deféndese o impulso da lectura en galego como un posible factor de restitución lingüística e de diálogo coa sociedade contemporánea.
12. Esíxese da clase política un maior rigor nas súas posicións lingüísticas para que, á marxe do seu dereito a defenderen a súa ideoloxía neste sentido, recoñezan e dean validez aos estudos e ás análises que confirman as persoas especialistas na materia, desligando ideas particulares do coñecemento rigoroso e da descrición da situación sociolingüística galega. Esíxese, igualmente, que o discurso e a acción en política lingüística teña estabilidade a longo prazo e que non dependa, en gran medida, nin das opcións políticas concretas que estean a gobernar, nin de resultados electorais para, deste modo, procurar unha identificación do idioma que nos vincule, colectivamente e por consenso, como galegas e galegos.
13. Dáse conta da relevancia de posuírmos referentes de éxito e de prestixio social real adaptados á diversidade social e cultural para a promoción da lingua e da necesidade de activar as persoas monolingües en galego e, en xeral, aquelas que poden procurar complicidades nas relacións interpersoais e contribuíren a crear máis e máis diversificados espazos para a lingua.
14. Cómpre crear, potenciar e dinamizar as microrredes informais para a normalización lingüística nos ámbitos profesionais para, en primeiro lugar, incorporaren elas mesmas o galego, e logo continuaren avanzando para achegar outros elementos ou espazos próximos á nosa lingua.
15. É importante que as diferentes administracións, fundamentalmente a local, ofrezan espazos de relación en galego, quer para persoas que proceden doutras realidades lingüísticas e que chegan a nós cun gran descoñecemento da nosa situación lingüística mais libres dos prexuízos que nós rematamos por lles inocular, quer para persoas, fundamentalmente dos grandes núcleos urbanos, que xa non dispoñen de referentes nin contextos con presenza do galego.

A Coruña, 23 de xullo de 2009